

I PREMIO UDC SUSTENTABILIDADE A TRABALLOS

FIN DE GRAO E MESTRADO 2018

BASES do «I Premio UDC SUSTENTABILIDADE» aos traballos fin de grao (TFG) e fin de mestrado (TFM) que mellor integraron as dimensións da sustentabilidade nos seus proxectos

I. OBXECTIVOS

A universidade da Coruña vén desenvolvendo nos últimos anos un programa de mellora continuada para a sustentabilidade no marco da [Guía para a sustentabilidade](#) na UDC (2011) e no [Plan estratéxico da UDC 2013-2020](#). Este obxectivo incluíu a creación de comités ambientais nos centros (Programa *Green Campus*), a elaboración de plans sectoriais en Mobilidade e espazo público, Eficiencia enerxética, Uso sustentable da auga, Xestión de residuos e Ambientalización curricular. No marco destes plans desenvólvense iniciativas tales como a mellora da recollida selectiva de residuos, a compostaxe de residuos orgánicos, a introdución de equipamentos e prácticas de aforro e uso eficiente da enerxía e da auga, instalacións de produción de enerxía renovable, o préstamo de bicicletas e outras accións de fomento da mobilidade sustentable, a conservación e mellora da biodiversidade nos espazos fluviais e forestais do campus universitario, a introdución de recomendacións e contidos relativos a sustentabilidade nas guías docentes, a promoción da saúde e dos hábitos de vida saudables, ou o programa de sensibilización e voluntariado ambiental. O recoñecemento coas bandeiras *Green Campus* para 5 centros no período 2015-2017, e o resultado da avaliación internacional GreenMetric da sustentabilidade nas universidades (posición 86 a nivel mundial de 619 universidades participantes) son indicadores dos resultados acadados con estes programas.

As avaliacións externas da CRUE-Sustentabilidade en 2011 e GreenMetrics en 2016 coincidiron en pór de manifesto a elevada puntuación da UDC nos eidos de ensino e investigación. Consciente desta significativa achega á sustentabilidade ambiental na UDC, a Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade, a través da Oficina de Medio Ambiente (OMA-UDC), quere contribuír ao seu recoñecemento e a potenciar aqueles estudos e traballos que contribúen a un mellor coñecemento e á adopción de medidas e prácticas de sustentabilidade no ámbito do campus e os centros universitarios, en particular, e ao desenvolvemento sustentable no ámbito galego ou ao coñecemento e sensibilización dos problemas ecolóxicos globais e a educación ambiental.

A dotación total destinada aos premios será de dous mil catrocentos euros (2400 €) con cargo á partida orzamentaria 0200 422D 480.02. Quedan excluídos desta cantidade os posibles gastos administrativos relacionados co concurso, coa súa difusión ou coa publicación das obras seleccionadas.

II. MODALIDADES E DOTACIÓN

Os premios UDC SUSTENTABILIDADE presentan dúas modalidades:



- a) Premio aos traballos fin de grao da UDC que mellor integraren as dimensións da sustentabilidade nos seus proxectos
- b) Premio aos mellores traballos fin de mestrado da UDC que mellor integraren as dimensións da sustentabilidade nos seus proxectos.

En cada modalidade concederanse dous premios, I e II premio, e dous accésits, segundo se indica a continuación:

- Cada traballo premiado e os accésits recibirá un diploma acreditativo e a publicación nunha colección da UDC.
- O I premio en cada modalidade recibirá ademais 800 euros (sobre o que se aplicará a retención do IRPF que corresponda).
- O II premio en cada modalidade recibirá ademais 400 euros (sobre o que se aplicará a retención do IRPF que corresponda).

III. AVALIACIÓN

A avaliación para asignar os premios e accésits terá en conta os seguintes criterios:

- A afinidade coa temática da sustentabilidade ambiental, que se considerará como criterio imprescindible.
- A orixinalidade do tema e a súa achega a un ou varios dos obxectivos de sustentabilidade da [ONU](#) e do [compromiso social](#) (ambiental, igualdade, normalización lingüística, cooperación, promoción da saúde...) da UDC.
- Os resultados obtidos e/ou a súa aplicabilidade práctica á mellora da sustentabilidade nos campus e centros da UDC.
- A adecuación á totalidade das presentes bases.

IV. REQUISITOS

Poden ser candidatos/as nesta convocatoria os/as estudantes da UDC que defenderon os TFG e TFM nos anos 2017 e 2018. Os/as candidatos/as, polo feito de se presentaren, outorgan permiso á OMA-UDC para publicar o traballo.

V. SOLICITUDE, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN

Os/as candidatos/as deben cubrir e imprimir o formulario de inscrición que se achega xunto con esta convocatoria.

Este formulario de solicitude dirixirase ao Vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade e presentarase preferentemente no Rexistro Electrónico da UDC, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Maestranza, nº 9, 15001, A Coruña) ou nos rexistros auxiliares do campus da Coruña (provisoriamente na Facultade de Ciencias



na Zapateira) ou do campus de Ferrol (Edificio de usos administrativos, rúa Dr. Vázquez Cabrera s/n, Esteiro, 15403, Ferrol). Asemade, poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no Artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para a presentación de solicitudes comezará a contar o día seguinte á publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da UDC, e rematará ás 14:00 h do día 31 de decembro de 2018.

Dentro do mesmo prazo indicado no parágrafo anterior, farán chegar á Oficina de Medio Ambiente a seguinte documentación:

- a) Memoria publicable do traballo (TFG ou TFM): Memoria resumo, até un máximo de 20 páxinas e 5000 palabras, organizada conforme a estrutura do TFG ou TFM. Deberá incluír necesariamente os datos de identificación (autoría, título do traballo, titulación), un resumo (<250 palabras) e unha bibliografía que non supere as 20 referencias (todas elas citadas no texto). De ser axeitada, recoméndase a seguinte estrutura: título, resumo, introdución, materiais e métodos, resultados e discusión, conclusións e referencias bibliográficas. Neste documento farase mención explícita ás achegas do traballo en relación cos criterios indicados na base III desta convocatoria. No caso de o autor ou autora non considerar a elaboración desta memoria axeitada á temática e formato do traballo, entregará unha breve xustificación desta decisión. Esta opción débese considerar excepcional e poderá ser obxecto de valoración pola Comisión de Avaliación prevista nestas bases.
- b) Versión íntegra do traballo que se someteu a lectura e cualificación na correspondente convocatoria de TFG ou TFM.

Todos os documentos indicados nas liñas a e b anteriores, en formato PDF, deben ser enviados por correo electrónico ao enderezo oma@udc.gal, indicando no asunto «Premios UDC Sustentabilidade 2018». De non poder dispor do TFG ou o TFM en formato pdf, como podería ser o caso de audiovisuais, maquetas etc., entregarase no formato orixinal do traballo, directamente ou por envío postal á Oficina de Medio Ambiente, Edificio Xoana Capdevielle. Campus de Elviña, 15008 A Coruña.

Terminado o prazo de solicitude e revisadas as solicitudes, a OMA-UDC fará pública no taboleiro electrónico da UDC a listaxe das solicitudes admitidas e, de ser o caso, non admitidas, indicando as razóns das posibles exclusións. As persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días para corrixir as deficiencias indicadas, publicándose a continuación a listaxe definitiva.

VI. COMISIÓN DE AVALIACIÓN E PRAZO PARA A RESOLUCIÓN

Os traballos serán avaliados por unha comisión constituída pola persoa titular da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade, Domingo Calvo Dopico, ou persoa en que delegue, que actuará como presidente/a, un experto en educación para a sustentabilidade ambiental membro do PDI da UDC, Pedro Vega Marcote,

como vogal, e a persoa encargada da dirección da Oficina de Medio Ambiente da UDC, Manuel Soto Castiñeira, como secretario.

Así mesmo, a Comisión de Avaliación poderalle solicitar un informe científico-técnico previo a unha persoa experta na rama de coñecemento científico (Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas, Enxeñaría e Arquitectura) en que se encadra a temática do traballo.

A Comisión de Valoración estará rexida polos criterios de avaliación referidos no punto III destas bases.

A resolución será publicada no taboleiro electrónico da UDC e comunicada persoalmente por correo electrónico ás persoas participantes.

VII. PUBLICACIÓN DOS TRABALLOS

A OMA-UDC, coa colaboración do Servizo de Publicacións da UDC, publicará en liña nunha colección dotada de ISBN os traballos premiados e os accésits. Con este obxectivo, os autores e autoras dos traballos premiados comprométese en entregar á OMA os orixinais dos seus traballos en formato editable (texto, imaxe, etc) que lle sexan solicitados.

Os ficheiros dos traballos que non resultaren premiados serán eliminados pasado o prazo de tres meses da resolución.

VIII. PUBLICIDADE

Os premios serán entregados durante un acto público organizado pola OMA-UDC. As persoas gañadoras aceptan a difusión do seu nome e imaxe, de ser o caso, nas comunicacións de carácter informativo ou divulgativo realizadas pola UDC.

TRATAMENTO DE DATOS DE CARACTER PERSOAL

De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral sobre protección de datos ou RGPD), comunicámoslle que a información proporcionada a través deste formulario será tratada baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos contactos son: Oficina de Medio Ambiente, Ed. Xoana Capdevielle, Campus de Elviña, 15008-A Coruña, teléfono 881 015 688, correo electrónico oma@udc.gal, co obxectivo de xestionar os premios UDC SUSTENTABILIDADE aos traballos de de fin de grao (TFG) e fin de mestrado (TFM).

Estes datos serán tratados durante o tempo imprescindible para alcanzar este obxectivo e serán conservados durante o período adicional dun ano ao remate das accións previstas no respectivo premio UDC SUSTENTABILIDADE aos traballos fin de grao e mestrado.

Ao cubrir este formulario, vostede acepta expresamente dito tratamento con propósito de cumprir a finalidade descrita e terá dereito a retirar ese consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a eliminación dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá o dereito de opoñerse a este tratamento, así como solicitar, coa excepción dos casos de interese público e / ou exercicio dos poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Pode exercer estes dereitos a través dun escrito asinado e unha fotocopia do seu DNI enviados ao seguinte enderezo: Oficina do Medio Ambiente, Ed. Xoana Capdevielle, Elviña Campus, 15008-A Coruña, ou correo electrónico oma@udc.gal, coa referencia "protección de datos".

Ademais, ten dereito a presentar unha reclamación diante da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A Coruña, 21 de setembro de 2018

O Vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade

Domingo Calvo Dopico

I PREMIO UDC SUSTENTABILIDADE A TRABALLOS FIN DE GRAO E MESTRADO 2018

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Nome

Apelidos

NIF

Correo electrónico

Teléfono de contacto

Título do traballo (ata 300 caracteres)

Rama de coñecemento a que se acolle

Data de defensa do traballo
(dd/mm/aaaa)

Titores/as do traballo (Nomes e apelidos)

Como autor/a dun TFG ou TFM, presento a miña candidatura a estes premios, despois de ter enviado toda a documentación requirida nas bases ao correo-e **oma@udc.gal**

Att. Sr. Vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade



UNIVERSIDADE DA CORUÑA